



CIRCULAR 75-2023

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA TRAIL RUNNING SUBESPECIALIDADE CARREIRAS DE MONTAÑA

- A todas as delegacións da FGA.
- A todos/as os/as asembleístas
- A todos os clubs galegos con licenza vixente
- A todos/as os/as adestradores/as con licenza vixente
- A todos/as os/as xuíces/zas galegos/as con licenza vixente

Art.1).- A F.G.A e o Concello de Esgos organizan o Campionato Xunta de Galicia Trail Running Subespecialidade Carreiras de Montaña Absoluto, Sub 20, Sub 23 e Máster que terá lugar o domingo día 11 de Xuño do 2023 na localidade de Esgos.

Art.2).- No Campionato de Galicia poderán intervir todos/as aqueles/as atletas das citadas categorías, que teñan ficha ó longo da tempada actual pola FGA.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://sdp.rfea.es/auth/login> ata as 20:00 horas do luns 5 de xuño do 2023.

Art.4).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados de cada unha das categorías recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao protocolo de premiacións. En caso contrario, non se fará entrega da medalla.

Art.5).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible por diante, en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma poderá ser motivo da descualificación. Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema de colocación. A organización non facilitará imperdibles.


Art.6).- A saída está prevista para as 11:00 horas diante da Casa do Concello de Esgos. A carreira discorrerá por un percorrido de 12,9 quilómetros aproximadamente cun desnivel positivo de 695 metros.

Art.7).- Os atletas participantes no Campionato de Galicia, deberán pasar por cámara de chamadas ata 15 minutos antes da saída da súa proba. Unha vez rematado este prazo, non se admitirá a participación do atleta agás casos debidamente xustificadas.


Art.8).- Haberá postos de avituallamento para os participantes:

Lugar	Km	Peche	Observacións
Esgos - (Saída)	0		
Mosteiro de San Pedro de Rocas	3,300	11:45h	Avituallamento líquido
Mosteiro de San Pedro de Rocas	3,350		
Arcos	5,900	12:30h	Avituallamento líquido
Virxe do Monte	9,300	13:15h	Avituallamento líquido
Virxe do Monte	9,300		
O Eirado - (Meta)	13	14:00h	Avituallamento líquido, sólido e quente

Altimetría:



Percorrido:



Art. 9).- O control da carreira estará dirixido polo Comité Galego de Xuíces. Todas as reclamacións deberán facerse directamente ó/á xuíz árbitro da proba como máximo ata 30 minutos despois da publicación dos resultados.

Art.10).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 48 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA competicion@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2023.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo.
- A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.



CIRCULAR

Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

Art.11).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, a 24 de maio de 2023

Carlos Castro Vicente
Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo